



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

BANDO 2019 SAN XOÁN

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
correo@ponteceso.gal
ponteceso.gal
CIF: P15069081T
REF: 01150082
RELG: MU 2000/15

CONSELLOS AMBIENTAIS E SANITARIOS

O Concello apela á Responsabilidade, civismo e ao respecto dos nosos bens naturais máis emblemáticos como as praias.

O San Xoán é unha das nosas festas más entrañables e da maior sabor popular, polos recrea ritos de supersticións arraigadas no máis profundo da nosa tradición que dotan dun sentido máxico á festa. Ademais de purificarnos e librarnos das melgas, o San Xoán únenos de novo coa natureza, lembrando os seus ciclos. Por iso, desde o Concello convídase a propios e foráneos a gozar desta especial xornada e facelo, como sempre, de forma limpia e respectuosa, cos demais e tamén co noso patrimonio natural.

Esa noite, máis que nunca, debemos ser máis cívicos e non esquecer a necesidade de respectar e non impedir o normal funcionamento dos servizos públicos, de organizar actos non expresamente autorizados, de manter unhas óptimas condicións de limpeza e hixiene e lembrando que o espazo público debe ser gozado ao día seguinte por todos en perfectas condicións de uso.

RECOMENDACIÓN XERAIS AMBIENTAIS E SANITARIAS

- ✓ A realización de sardiñas e fogueras en vías ou espazos públicos deberán apartarse de elementos inflamables como cables, coches ou elementos urbanos, e dimensionarse axeitadamente. Para non danar o chan, pódese usar area de base.
- ✓ As fogueras acenderanse, preferentemente, a partir das 23:00 horas do día 23 de xuño e deberán quedar perfectamente apagadas antes das 6.00 horas do día seguinte.
- ✓ Mover ou trasladar coletores de resíduos urbanos do seu emprazamento poderá ser sancionado.
- ✓ Está prohibida a quemada de plásticos, gomaespumas, rodas, aerosols e, en xeral, calquera produto inflamable ou explosivo ou de materiais en cuxa composición interveña o plástico, dados os gases tóxicos que produce a súa quemada.
- ✓ Recoméndase a utilización de envases de plástico en lugar dos de vidro. Estes últimos estarán totalmente prohibidos nos areais.
- ✓ Os organizadores de fogueras autorizadas que impliquen a celebración de sardiñas deberán deixar a zona limpia de restos. Para iso, colocarán recipientes na zona e depositarán os resíduos orgánicos no colector verde e os envases e plásticos no colector amarelo.

EN ESPECIAL: FOGUEIRAS NOS AREAIS

- ✓ Está prohibido balzar aos areais, tresillos, sofás e, en xeral, calquera tipo de mobiliario que xere gases tóxicos na súa combustión. Pola mesma razón, tampouco pneumáticos ou calquera outro elemento catalogado como tóxico ou perigoso.
- ✓ A madeira que se utilice para a realización de pequenas fogueras nas praias debe estar desprovista de puntas, cravos, ou calquera outro elemento similar. A presenza destes elementos e a súa facilidade para introducirse na area pode provocar importantes danos aos usuarios das praias en días posteriores. Pola mesma razón, está totalmente prohibido o uso de envases de vidro nos areais.
- ✓ Non está permitido o desprazamento dos coletores de resíduos situados en vía pública.
- ✓ Nas praias e lugares públicos de baño, poderá ser sancionada con multa de até 6.010,12 euros.
- ✓ Os usuarios das praias deberán recoller os resíduos que xeren e depositalos nuns coletores.
- ✓ As praias desaloxaranse antes das 6:00 AM, hora na que comezarán a traballar os servizos municipais de limpeza co fin de poder recibir aos primeiros bañistas en perfectas condicións de hixiene e salubridade. Por tanto, antes dessa hora, as fogueras deberán estar perfectamente apagadas.

(> 112)